

Sumario

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que son as forzas e corpos de seguridade do estado?	Redacción.	4
Inicio do verdadeiro cambio, o proceso constituinte.	Guillermo Grego.	6
Decrecemento ou Crecemento negativo? Da febre do ladrillo a febre do ouro.	Juan Pablo Forti.	7
Sudoku.	Bort	8
Sopa de letras.	Bort	9
Por que nos interesa rematar cos parísos fiscais?	Álvaro Rodríguez.	10
O alcalde de Vigo e a "Cruz dos caídos por Deus e por España" do Castro.	Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36 (AVMH).	11
Gampanha contra a tortura, continua a loita.	C. de apoio campanha Cárcere=Tortura Vigo.	12
A Panificadora: infraestrutura pública.	Uxío Reinoso.	13
A educación en DDHH.	Lorena Arévalo.	14
Entrevista: Daniel Ordás.	A Boia.	15

0.50€

nº1

Abril-2013

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

A boia por Revista A Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NonComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.



Editorial

Con estas liñas nace A Boia, revista de Contracultura dende a Ría. A Boia pretende converterse nun altofalante de cada unha das voces e olladas que flotan na Ría de Vigo e a súa contorna, e que nos protexen desa enorme marea negra que o contamina todo: o capitalismo. A Boia quere ser un punto dende o que conectar a Ría de Vigo co resto do mundo; dende o que construír e confluír; dende o que activarse e informarse; pero sobre todo, dende o que crear vías alternativas para xerar unha nova sociedade e unha nova cultura entendidas dende a pluralidade, a diversidade e o dinamismo das persoas, os pobos e as sociedades.

A Boia nace como unha iniciativa do proxecto ECOAR))), plataforma que busca dotar á cidadanía dun espazo de expresión, coordinación e construción de alternativas e respostas fronte a realidade que nos rodea. De seguro que non é casualidade que sexa agora cando este proxecto sae á luz. As crises necesitan respostas, e o sistema actual amosa día a día a súa ineficacia e virulencia inherentes. Así pois

aos problemas da economía, dos recortes, das violacións de dereitos e liberdades, súmase de forma cada vez máis forte o da corrupción. A corrupción é un mal propio do capitalismo, pois este baséase en que as poucas persoas que ocupan o poder enriquecéense apropiándose do que é de todas. Ningunha institución actual (xustiza, cámaras, forzas de seguridade, monarquía, igrexa, partidos, empresas, banca, medios de comunicación,...) sálvase deste mal. Por isto neste primeiro número denunciaremos este problema.

Un sistema en crise coma o que estamos a sufrir crea un baleiro que a poboación necesita encher. Cada un e cada unha de nós somos responsables do que sucede. Así que cómpren ferramentas para expresar e compartir as ideas así como para poder construír alternativas e respostas que muden a situación actual. Por isto, tanto a través de ECOAR como da Boia, búscase abrir canles para que cada persoa e colectivo achegue ao resto as súas ideas e propostas.

DEMOCRACIA FRONTE “OS MERCADOS”
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE SON AS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO?

Redacción

- Funcionan como brazo executivo do poder xudicial.
- Fan cumprir as leis ditadas polo legislativo a través do emprego da forza.
- “Teñen como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá” (artigo 104.1 da Constitución Española).
- á poboación a participar en calquera protesta contra o sistema establecido.
- Criminalizar e xerar unha imaxe negativa e violenta das persoas que defenden os seus dereitos.

REALMENTE CÚMPRENSE A MISIÓN E AS SÚAS FUNCIÓNS?

Non. A austeridade e a liquidación de dereitos e liberdades fai que a tensión social estea a medrar a pasos axigantados polo que, ao mesmo tempo, a resposta dende a rúa é, cada vez, máis prolongada, constante e belixerante. O goberno, que sabe que a crise vai ser moi prolongada, está apostando polo control da cidadanía a través da represión das forzas de seguridade do estado. De feito os países que peor o están a pasar coa crise (España, Greza, Portugal e Italia) son os países europeos que teñen un maior número de policía por habitante de toda Europa segundo un informe de Eurostat. Nos presupostos aprobados este ano aumenta o gasto nos corpos antidisturbios un 1780% e dos 759.330 euros previstos para os anos 2011-2015 pasouse a 10.000.000 de euros para o período 2012-2016.

Así pois, na práctica, o artigo 104.1 da constitución sobre as forzas e corpos de seguridade debería dicir que “teñen como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade das grandes empresas transnacionais, financeiras e políticas”.

As forzas e corpos de seguridade empréganse como ferramentas para:

- Esmagar calquera modo de protesta cidadá a través do emprego da forza.
- Protexer o sistema actual e defender as medidas tomadas dende a clase de poder.
- Xerar un clima de medo que desanime

QUE IRREGULARIDADES COMETER?

Emprego desproporcionado da violencia.

En moitas ocasións empregan a forza a pesar de haber un clima pacífico na protesta. Isto sucedeu, por exemplo, en maio de 2011 en Plaça Catalunya, onde se cargou contra a xente que estaba a protestar sentada no chan.

Infiltración dentro da masa para provocar situacións de violencia.

En ocasións as forzas de seguridade empregan a axentes infiltrados para provocar disturbios e así desvirtuar a protesta.

Non amosan identificación. A pesar de ter a obriga de identificarse, as forzas de seguridade (especialmente os antidisturbios) non levan a identificación visible. Isto fai que poidan actuar con total impunidade sobre a xente e nunca se poida render contas fronte á xustiza.

Agresión a menores. Os menores gozan dunha especial protección en tódolos eidos legislativos, excepto coas forzas de seguridade. Exemplo disto é a carga policial en Valencia contra os estudantes do Lluís Vives no mes de febreiro de 2012 aos que o propio xefe da Policía, Antonio Moreno, cualificounos como “o inimigo”.

Uso de pelotas de goma. Seguen a ser empregadas pola policía como unha das principais armas coas que actuar sobre a poboación civil, a pesar de que no ano 2011 o seu uso foi prohibido en Europa ao ser un arma que pode chegar a ser mortal. Isto foi o que sucedeu o 29/03/2012 no que o seguidor do Athletic de Bilbao Iñigo Cabacas morreu a causa dun impacto dunha bola de goma lanzada pola ertzaintza.

As cargas son indiscriminadas. Cando cargan contra unha masa de xente, as axentes non

distinguen ben entre a masa e, tal e como recoñecía o voceiro do Sindicato Unificado de Policía, José María Benito despois das cargas policiais do 25S do 2012: "Cando á Policía se lle ordena cargar, as cargas non son pacíficas, é dicir, son violentas por natureza, por definición. A Policía non pode distinguir entre manifestantes pacíficos ou violentos. Que é verdade que nunha carga policial pagan xustos por pecadores e que hai xente que pasa por alí, que non ten nada que ver cos violentos e tamén recibe? É verdade".

Gases lacrimóxenos en lugares pechados.

En ocasións empréganos para desalojar de lugares pechados ás persoas, a pesar de estar demostrada a súa mortalidade nese tipo de usos que implican que as persoas estean expostas durante un tempo medio a este tipo de substancias.

COMO EVITAR AS FORZAS DE SEGURIDADE AS CONSECUENCIAS DESTAS IRREGULARIDADES?

Partindo de que as Forzas de Seguridade son parte do estado e, polo tanto, responsabilidade dos gobernos, o sistema actual protexe e tapa as faltas cometidas polos membros das mesmas a través de diferentes mecanismos.

Trato preferente no sistema. A súa palabra vale máis que a do resto [artigo 37 da Lei 1/1992]. O principio de veracidade que posúen fai que perante unha situación xudicial a palabra dun membro das Forzas de Seguridade do Estado valla máis que a de calquera outra persoa.

Ocultamento das accións. O estado, coa complicidade dos grandes medios de comunicación, "lava" a imaxe dos abusos cometidos polas súas forzas de seguridade a través do silenciamento e a manipulación. Un claro exemplo disto foi a canle Telemadrid o día 16/06/2011 no que se emitiron imaxes de disturbios en Greza facéndoos pasar por violentas manifestantes das indignadas do 15M.



GOBERNO ACTUAL: XERARDO UR MARGO DE IMPUNIDADE POLICIAL TOTAL.

Por se fora pouco van soando de fondo determinadas medidas (Lei de Seguridade Cidadá) coas que darlle impunidade total ás Forzas de Seguridade do Estado. Así o pasado 19/10/2012 o xefe da policía Ignacio Cosidó (logo desautorizado por algunhas persoas do goberno) anunciou que o goberno está estudando unha lei coa que tentan anular calquera tipo de resposta social. Así pois esta nova medida conta con tres liñas que reducen de xeito hostensibile os dereitos dxs manifestantes.

O goberno prohibirá filmar á policía. Nos últimos anos as cámaras convertéronse nunha ferramenta de defensa dos manifestantes.

- A policía reprímese ou detense de facer determinado tipo de actuacións.
- Estas actuacións irregulares das forzas de seguridade quedan rexistradas e pódese empregar para dar unha versión obxectiva perante a opinión pública así como para o seu uso xudicial.

Quen se manifesta non poderá cubrir a cara, a policía si. Isto fai imposible a identificación dos policías. Segundo fontes oficiais a xustificación de que a policía leve a cara tapada é porque así se protexe a súa privacidade, xerando unha situación de discriminación dándolle á policía un dereito que o cidadán non ten. Por outra banda a liberdade individual tamén se vería truncada con esta medida porque nos obrigarían a ter un determinado patrón de vestimenta.

Reformulación do concepto "ataque violento". Os manifestantes poderán ser procesados por calquera tipo de agresión ou ameazas de violencia contra forzas de seguridade. É dicir que as meras ameazas serán castigadas como violencia directa.

INICIO DO VERDADEIRO CAMBIO, O PROCESO CONSTITUINTE.

*Guillermo Crego.

No panorama actual, cun sistema democrático que fai auga por todas partes (desemprego insoportable, xustiza desprestixiada, corrupción política, negocios ilegais da monarquía, banqueiros indultados,...), é difícil atopar un raio de esperanza.

Pero hai ferramentas para trocar esta sociedade antihumana na que vivimos, que pon o diñeiro por riba das persoas. Diante de nós temos as solucións do noso labirinto social, que só poden chegar da nosa man.

Podemos enumerar multitude de propostas para rachar con esta barbarie capitalista na que estamos somerxid@s. Pero só unha pode canalizar unha metamorfose social e económica, que permita o libre desenvolvemento das aspiracións de millóns de cidadá(n)s que ateigan as rúas en movementos de protesta e resistencia a esta crise, que é unha estafa. Esta proposta non é outra que un proceso constituínte cidadán.

Por que afirmamos esta premisa?

1. Porque unicamente nós, @s cidadá(n)s, podemos activar dunha forma lexitimada este proceso de recreación do pacto social.
2. Porque será a pedra angular, para corrixir os erros que nos levaron á situación actual e tamén para ordenar e cuantificar as premisas fundamentais que queremos para a nova sociedade.
3. Porque será a que dote de



legalidade, de contido, e de prioridade o resto de propostas ou ferramentas que consideremos necesarias para humanizar o noso entorno común.

Pero... como levar ao cabo este proceso?

Pódese dar de dous xeitos moi distintos. De forma violenta ou de maneira pacífica, cohesionando o músculo social existente. Descartando a primeira, por considerala non lexitima para acadar un cambio democrático hoxe en día, só queda a segunda das opcións.

“Diante de nós temos as solucións do noso labirinto social, que só poden chegar da nosa man.”

A partir desta diagnose estamos a comezar un movemento dende abaixo. A nosa prioridade nestes intres é crear opinión pública, libre, apartidaria e crítica; poñendo as bases para construír unha sociedade que priorice a felicidade e a realización das persoas e da Nai Natureza, por riba de todas as cadeas (cartos, débeda, xuros,...) creadas artificialmente para beneficio duns poucos co sufrimento e as penalidades de moitos.

Por iso animamos a tod@s @s que queirades participar deste apaixonante movemento que tomedes parte activa nel.

+ info: assembleaconstituentevigo@gmail.com

*Membro fundador da Asemblea Cidadá Constituínte de Vigo.

DECRECIMENTO OU CRECIMENTO NEGATIVO? DA FEBRE DO LADRILLO A FEBRE DO OURO.

*Juan Pablo Forti.



Os dirixentes mundiais perseguen o crecemento económico a toda costa, importando ben pouco que ás veces sexa necesario organizar algunha guerra para o control do petróleo, o ouro ou os diamantes. Sen entrar a valorar esta violencia extrema, o certo é que o consumo destes e doutros recursos ten data de caducidade, e polo tanto tena tamén este sistema baseado no control e no consumo dos mesmos.

“É preciso “decrecer” no noso “consumo de todo” para sintonizar a sociedade coa capacidade do planeta.”

Os decrecentistas, na liña do Club de Roma, lémbrennos que estamos a consumir a un ritmo maior do que o planeta pode soportar. É por tanto preciso “decrecer” no noso “consumo de todo” para sintonizar a sociedade coa capacidade do planeta. Insístese en que o benestar social e a paz son prioritarias. A experiencia demostra que se non facemos isto rematamos por ter un “crecemento negativo” ou depresión, moito menos cómodo que un “decrecemento sereno”.

Por exemplo, no estado español, tras dúas décadas adicadas á urbanización e ás infraestruturas, os resultados foron catastróficos. Estragamos millóns de hectáreas fértiles, perdemos centos de


miles de millóns en infraestruturas que apenas se empregan e pagamos aínda máis aos bancos o que non puideron pagar promotores e compradores de tanto chalé. Pasámonos de rosca. Non se atraeu a inversión esperada e parouse a roda do crédito. Neste sistema no que os cartos se crean da débeda, o que non medra morre.

Así, a economía española tivo nos últimos trimestres un crecemento negativo, afectando sobre todo ao peto dos máis desfavorecidos. Isto non motivou un cambio nos nosos dirixentes, que seguen ocupadísimos en abrílle paso ás grandes corporacións, para que sigan a sacar tallada da terra e das persoas.

Neste tempo de incerteza nos mercados financeiros, o ouro convertese nun valor seguro e nunha prioridade xeo-estratéxica. Xorde así en Galiza outra ameaza: A minería deste prezado metal. Ao igual que o ladrillo e a obra pública, traería movemento e falsa riqueza por uns anos, quedando os beneficios nas mans dos de sempre. Contaminaríanse as augas e as terras que fose necesario. Cando rematase a festa seríamos máis pobres e estaríamos máis afastados aínda dun equilibrio coa terra que nos sustenta.

Ben podemos aforrarnos estas apostas absurdas... De quen depende?

*Membro de Verdegaia.



ATOPA O NOME DOS SETE
 CONSUMPTOS DE HOJE E DE SEMPRE.
 GALZIN, COXIN, MOU, MASCALIN,
 FEITE BRANCO, OIL E GAL, BARRIGAS,
 O REI, U'ROMNIGARUM

Q A S S A N S P B A B P S G
 S A N O A L W L V O A
 D S W U L V C E L N
 M B A S B A S B A
 H Q L B L H N S
 S O R E D N O C C
 V U G R A E D N O C C
 N A V D C B C C E L N
 S I B A N X C C E L N
 A E N C A L F P L E M P
 R A N G A L P L E M P
 I O K R I P L E M P
 Q R I U T Q L H N S
 L V G R A E D N O C C
 X E N C A O R E D N O C C
 A I S K F S A G M I G C
 L X E N C A L F P L E M P
 B I R A N G A L F P L E M P
 E M L O K R I P L E M P
 P A L Q R I U T Q L H N S
 R I O K R I U T Q L H N S
 X V K A O R E D N O C C
 O V O N U S W U L W O A
 C E P R I B D C B C C E L N
 N S I B A N X C C E L N
 A E N C A L F P L E M P
 L X E N C A L F P L E M P
 B I R A N G A L F P L E M P
 E M L O K R I U T Q L H N S
 P A L Q R I U T Q L H N S
 X V K A O R E D N O C C



ABRIL

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					



POR QUÉ NOS INTERESA REMATAR COS PARAÍÇOS FISCAIS?

*Álvaro Rodríguez.

O recente escándalo do ex-tesoureiro do PP, o de Iñaki Urdangarín, ou o da Gurtel, teñen todos un elemento en común: os paraísos fiscais (ou PF). Estes son lugares, moitos deles situados en pequenas illas ou países, que ofrecen opacidade a todos aqueles que pretenden evadir impostos do fisco. E non é unha cousa de pouca importancia. Segundo datos da Tax Justice Network, nos paraísos fiscais acumúlase, lonxe da man da fiscalidade dos gobernos, o equivalente ao PIB de Estados Unidos e Xapón xuntos. Son empregados por todas as grandes corporacións, bancos, e fortunas, que dende os paraísos fiscais e empregando sociedades offshore inverten estes inxentes fondos en especulación financeira, que é moito máis proveitosa que a inversión produtiva. Os paraísos fiscais son, por dicilo brevemente, unha peza fundamental nas prácticas, legais ou ilegais, que provocaron a crise financeira, e posteriormente a Grande Recesión que (mal)vivimos.

“Nos paraísos fiscais acumúlase, lonxe da man da fiscalidade dos gobernos, o equivalente ao PIB de Estados Unidos e Xapón xuntos.”

Tamén son fundamentais na creación dunha situación de grande desigualdade a nivel mundial. Podedes imaxinarvos que se podería facer se aplicásemos un imposto do 30% (como o de sociedades) sobre os fondos depositados neses paraísos fiscais? Xa está calculado: acabar coa fame no mundo. E tamén poderíamos

darlle unha renda básica de subsistencia a todos os seres humanos. Ou remataríamos inmediatamente coa necesidade dos recortes. Por exemplo. E, sobre todo, daríámoslle un golpe case que definitivo á voraz especulación financeira que xa todos sabemos non vai parar ata facer negocio de todo, mesmo das nosas vidas, a saúde, a educación, ou a Natureza.



Así que se queremos defender a sanidade, a educación, a ciencia, e o noso modo de vida; se queremos unha economía ao servizo de todos; temos que rematar cos paraísos fiscais. Isto é algo que os gurús dos recortes non van predicar. Eles só pretenden recortar o estado para pagar a débeda, e seguir alimentando o mesmo sistema especulativo. A todos nós, pola contra, interézanos o contrario. De todos depende acabar con isto.

*Membro da Plataforma en Defensa do Aforro Público.

O ALCALDE DE VIGO E A “CRUZ DOS CAÍDOS POR DEUS E POR ESPAÑA” DO CASTRO.

Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36 (AVMH).

“É necesario cas pedras que se levanten teñan a grandeza dos monumentos antigos que desafíen ao tempo e ao esquecemento”. Así xustificaba, en 1940, o estado franquista o “alzamento” do Val dos Caídos, exemplo que foi repetido en milleiros de localidades do estado español.

Aínda que pareza increíble, hoxe en día hai quen lle fai o xogo aos fascistas e defende a permanencia destes monstruosos monumentos: en Vigo o máis insigne de todos é Abel Caballero.



Dende 2008 na “Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36” (AVMH) estamos a facer todo o posible para que o Concello retire a cruz do parque municipal do Castro, inaugurada por Franco en 1962. Cinco veces pedimos entrevista coa alcaldía para tratar a súa retirada sen que houbera resposta algunha.

Ante a falla de democracia (no fondo e na forma) deste cargo público, en 2011, presentamos unha demanda xudicial contra o Concello.

En decembro de 2012 un xulgado de Vigo estimou parcialmente a nosa demanda, ordenando ao Concello que se pronunciase sobre o a nosa petición.

A resposta dada polo Concello (o 25-1-2013) é inaceptable: négase a retirar a cruz; falseando, ante a opinión pública a historia do seu levantamento. O Concello literalmente di: “a Cruz do Monte do Castro, é iso, unha cruz. non é un símbolo da Ditadura, é un símbolo relixioso, basicamente cristián”.

Dende a AVMH, non aceptamos esta mentira, o fascismo español erixía estas cruces co propósito inequívoco de “perpetuar a memoria dos caídos da nosa gloriosa Cruzada”. Amais, a igrexa católica nunca considerou estas cruces como sagradas, e o Concilio Vaticano II especifica que a igrexa non pode “reciclar” no seu seo este tipo de monumentos que van en contra da “reconciliación cristiá”.

“A cidadanía viguesa non pode aceptar que no seu espazo público perviva un monumento de exaltación da ditadura franquista.”

A cidadanía viguesa non pode aceptar que no seu espazo público perviva un monumento de exaltación da ditadura franquista. Por isto a AVMH, nesta ocasión ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, presentou outra demanda para que o Concello de Vigo cumpra o art. 15 da “Lei da Memoria Histórica”, e retire por fin esa “Cruz dos caídos por Deus e por España” do parque municipal do Castro.

CAMPANHA CONTRA A TORTURA, CONTINUA A LOITA.

G. de apoio campaña Cárcere=Tortura Vigo.



Esta campaña xorde fai 16 meses trala proposta de compañeir@s pres@s de dar resposta ó illamento e á sistemática tortura que ocorre dentro das prisións.

Os obxectivos son:

1. crear unha rede de apoio xurídico,
2. establecer canles de comunicación dentro-fora e dentro-dentro,
3. sensibilización social.

“En resposta á loita organizada, as persoas que están a denunciar irregularidades sufriron toda clase de presións.”

Tras máis dun ano de traballo hai unhas 70 persoas presas participando, facendo xaxúns, chapeos, escritos e demais actos de protesta. Cubriuse a axuda xurídica en gran parte do Estado e existen grupos de apoio por toda a Península. En Galiza hai persoas presas organizadas en todos os cárceres, aínda que son módulo de illamento da Lama e Teixeiro os que se fixeron tristemente famosos polas constantes denuncias de torturas. En resposta á loita organizada, na Lama, as persoas que están a denunciar irregularidades e informaron ó resto de presxs da existencia da Campaña,

sufriron toda clase de presións.

Retrataremos o proceso habitual de tortura. Xorde un conflito e dúas opcións: sumisión ou rebelión. No primeiro caso, o castigo pode non pasar dalgúns golpes ou humillacións. No caso de rebelión, pásante a illamento e, en función do humor dos carcereiros, recibes palizas durante un, dous ou tres días seguidos nos que poden entrar carcereiros nos cambios de garda para aporrearte as plantas dos pés, estómago, costelas, etc. Todo isto acompañado de coacción, complicidade médica, xudicial e institucional, rexistros, intervencións, sancións e dispersión.

Aparte de que ó cárcere só van pobres, que non reinserta e que é un medio de control, non podemos deixar que un fillo lle envíe ó seu pai unha bolsa coa pel dos seus pés esgazada, ou que a unha presa lle rompan un pulso, a intenten violar e, por riba, sexa torturada por loitar polos seus dereitos.

ABAIXO OS MUROS, NON MÁIS TORTURAS!

3º sábado de cada mes na Cova dos Ratos, xantar popular en apoio á campaña.

noestansolxs@gmail.com

A PANIFICADORA: INFRAESTRUTURA PÚBLICA.

*Uxío Reinoso.

A Panificadora é un dos elementos de patrimonio industrial máis populares de Vigo. Para "Entremos na Panificadora", esta fábrica abandonada é un espazo de oportunidade. Trátase de 7.000 m² de parcela e 12.000 m² de edificacións, situados no corazón da cidade. Un espazo arquitectónico funcional e singular, co valor engadido de ser símbolo da industrialización viguesa (a Panificadora estivo en activo de 1924 e 1980, chegando a producir pan para 100.000 persoas).

En "Entremos" levamos dende 2009 traballando pola rehabilitación e reutilización da Panificadora, opoñéndonos á especulación inmobiliaria, realizando actos de difusión e traballos de documentación sobre a Panificadora.

"Para "Entremos na Panificadora", esta fábrica abandonada é un espazo de oportunidade."

Convencidos de que é preciso involucrar a toda a cidadanía, o 25 de xaneiro, "Entremos" eo "TANKollectiv" convocamos á cidadanía nunha "Asemblea aberta"; onde, entre outras cousas, informouse sobre a actual situación urbanística:

En outubro de 2010, o Pleno do Concello de Vigo abriu o proceso para realizar unha "Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal", declarando a Panificadora parte do "Sistema Xeral de Equipamentos" da cidade: unha infraestrutura pública como o é o parque de Castrelos. En xullo de 2011 a Xunta deu o "visto bo" a esta iniciativa, pero actualmente, sen xustificación algunha, o proceso administrativo está bloqueado no

Concello.

Así pois, nesta asemblea aprobouse realizar unha campaña pública, unha "Demanda ós/ás concelleiros/as", na que os asinantes reclaman que estes cargos públicos fagan o posible para que o Concello "informe canto antes a cidadanía sobre o estado da "Modificación Puntual do PXOM no ámbito d' A Panificadora", "Axilice este proceso administrativo, que leva bloqueado dende o verán de 2011", e tamén eles mesmos, "participen e fagan participe a cidadanía, no proceso de rehabilitación e reutilización da Panificadora".



Ata o 6 de Abril podes atopar follas de sinaturas desta demanda na "Cova dos Ratos" e no "Bou Eva". O día 8 serán entregadas. Para participar nesta e outras actividades en prol da Panificadora, contacta connosco en www.entremosnapanificadora.com

*Membro de Entremos na Panificadora.

À EDUCACIÓN EN DDHH.

*Lorena Arévalo.

AMNISTÍA INTERNACIONAL



O pasado 18 de febreiro as ONG Amnistía Internacional, Intermón Oxfam e Greenpeace presentaron ante o Congreso dos Deputados un Decálogo de peticións, dirixido ao Presidente do Goberno e aos sete grupos con representación parlamentaria, co que pretendían denunciar o que dende moitas organizacións, colectivos e fogares entendemos como unha estafa social, traducida na perda de dereitos, o aumento das desigualdades sociais e o deterioro do medio ambiente. O incremento da pobreza debido ás políticas de austeridade impostas polo goberno, as limitacións no acceso á sanidade, os desaloxos (moitos forzosos), a represión coa que se responde ao dereito de manifestación da cidadanía, a impunidade da evasión fiscal, a mala xestión dos recursos naturais ou os recortes en materia de cooperación son algúns dos aspectos recollidos neste Decálogo.

Coa excusa da crise económica, o goberno vén impondo unha inaceptable regresión en materia de dereitos humanos. Dereitos que, para ser esixidos, deben ser previamente coñecidos. Neste contexto é fundamental incidir na necesidade dun sistema educativo que contemple de xeito obrigatorio temas como a igualdade de

xénero, o racismo, a violencia, a homofobia ou a discriminación: unha lei educativa que inclúa formación específica en dereitos humanos por medio da materia de Educación para a Cidadanía, que o actual Ministro de Educación pretende eliminar coa aprobación da reforma educativa, tal e como se recolle no borrador de lei presentado no mes de decembro.

“Coa excusa da crise económica, o goberno vén impondo unha inaceptable regresión en materia de dereitos humanos.”

A actual proposta de lei contradí o sinalado polo Consello de Ministros en maio: “o Goberno seguirá adoptando as medidas necesarias para garantir a todas as persoas o goce efectivo dos Dereitos Humanos”. Ademais, a non modificación do texto proposto polo ministro Wert suporía un incumprimento dos acordos e recomendacións europeas e internacionais subscritos por España, apoiadas, no seu día, polo goberno do Partido Popular. Un currículo carente de contidos explícitos en DDHH supón un retroceso inadmisíbel.

*Activista de Amnistía Internacional Vigo.

A BOIA ENTREVISTA A... DANIEL ORDÁS,

AVOĞADO, ESCRITOR E POLÍTICO MILICIANO HISPANO-SUÍZO.

1. Que queres amosar co teu libro?

Que España e os españois somos maduros e estamos dispostos a asumir responsabilidade. Que aprendemos a lección da crise e non volveremos deixar o noso país en mans duns poucos e sen o máis mínimo control. Para os que aínda dubidan quérolles demostrar que hai modelos alternativos, serios e viables.

2. Que é Reforma13?

É a proposta dunha modificación constitucional para cambiar o sistema de facer política. Propomos democracia directa, listaxes abertas, un goberno colexiado elixido polo pobo, políticos milicianos, unha reforma do Senado e a reforma da elección do Congreso. Nada doutro mundo.

3. Que é a democracia directa?

A posibilidade dos cidadáns de controlar e dirixir a política a pesar de delegar a súa xestión a uns representantes. Mediante Iniciativas e Referendos podes esixir Votacións Populares. No primeiro caso propondo unha lexislación nova e no segundo impedindo que entre en vigor algo que lexislou o parlamento.

4. Podes pór un exemplo de proceso de democracia directa?

Se un grupo de xente considera oportuno que se cambie a lei sobre os horarios de apertura das tendas e o parlamento non actúa, poden recoller as sinaturas necesarias para unha Iniciativa e o pobo vota directamente sobre esa proposta. No caso de que o parlamento (local, autonómico ou nacional) aprobe unha lei sobre algún tema que non lle guste a un grupo de xente, poden recoller o número necesario de sinaturas para un Referendo e o pobo decide sobre se aproba esa lei ou non. Así de sinxelo, non ten máis misterio, é coma se delego no xardineiro o coidado do xardín pero me reservo o dereito de decidir cal árbore se corta e onde se planta a nova.

5. Cres que a democracia directa melloraría a situación política no Estado Español?

Cres que o propoño para empeorar a situación? É lóxico que mellorará a situación. Non habería os extremismos temporais que vivimos nos que se concede cada catro anos o poder absoluto a uns ou a outros para que fagan e desfagan ao seu gusto. Os cidadáns, que son os que pagan o pato, poderían influenciar directamente o destino da política e sobre todo o mero feito de

que exista o control, aínda que non se exerza, fai que as cousas funcionen doutra maneira. O mellor Referendo é o que nunca se celebra, porque demostra que os representantes, ante a ameaza dun posible Referendo, puxéronse de acordo e elaboraron unha lei moderada que todos poidamos aceptar e ninguén se moleste en recoller sinaturas.

6. Vendo a situación en Europa, cres posible a chegada ao goberno de novos partidos políticos?

Si, aínda que non creo que a solución sexa cambiar os partidos ou as siglas e manter o sistema. Se a paneira está podre de nada serve meter pan fresco. Todos os partidos corromperíanse neste sistema de poder absoluto e control nulo.

7. Como cres que respondería o capitalismo internacional ante un cambio político fondo no Estado Español?

Hahaha, o que propomos Juan e eu non é nada revolucionario e eu creo que tanto o capitalismo internacional como o proletariado internacional deberían de estar encantados se en España se establecese un modelo responsable e estable.

8. Como ves a relación entre a corrupción e o sistema político no Estado Español?

Hai tres niveles de corrupción.

1. O criminal nato que só fai política para roubar. Eses son pouquísimos, menos dun 1%; é inevitable e haino en todas as profesións e en todos os países. Estes teñen que ir ao cárcere cando se lles pillan.

2. A corrupción sistémica. Esta xérase por un sistema de poder sen control que fai case irresistible a tentación e ademais ao ter que vivir da política e depender de listaxes pechadas, os políticos convértense en vítimas do sistema. Isto pódese corrixir con #reforma13

3. Os "pecadiños pequenos". Estes son defectos humanos que se poden entender, pero non xustificar, eu creo que tamén diminuírían se aumentase a probabilidade de que te pillen.

De todos os xeitos creo que a enorme maioría dos políticos non son corruptos en por si. Non tento xustificar a súa conduta, só tento explicar a causa e propor un remedio.

